

Muras, 30 de xuño de 2024.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1973

## POL

### Anuncio

Aprobado definitivamente polo Pleno en sesión extraordinaria de data 28 de maio de 2024 o texto das Ordenanzas fiscal e reguladora polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Pol, así como a resolución das alegacións presentadas procedese á súa publicación:

**“4.- Acordo que proceda as alegacións efectuadas a “Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras” e á “Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso común especial do dominio público local polas actividades extractiva de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras”.**

Polo señor Alcalde-Presidente dáse conta ao Pleno da proposta de Alcaldía que di textualmente:

#### “PROPOSTA DE ACORDO

*En relación coa tramitación do expediente iniciado co fin de acordar a aprobación da Ordenanza fiscal e reguladora polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Pol, que o Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día 11 de outubro de 2023, aprobou provisionalmente dita ordenanza.*

*Tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 27 de outubro de 2023 da Ordenanza Reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras e da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras. O referido acordo, as ordenanzas e o resto do expediente estiveron a disposición dos interesados na Secretaría Municipal e a exposición pública polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o seguinte ao da inserción no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica deste Concello para exame e reclamacións.*

*En data 24 de novembro de 2023, Dona María del Carmen Gayoso Montenegro, en nome e representación da Asociación Provincial de Empresarios de Primeira Transformación da Madeira de Lugo, formula reclamación contra as referidas ordenanzas rexistrada co número 2023-E-RE-425 na sede electrónica por Don Daniel Díaz Ramos.*

*Tras finalizar o prazo de exposición pública en data 19 de decembro de 2023 se solicita ao Servizo da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo, que emita un informe a ditas alegacións para poder continuar coa tramitación do expediente.*

*En data 12 de marzo de 2024 achégase ao Concello de Pol, previa a solicitud antes referida, sobre alegacións da ordenanza reguladora e fiscal do uso común especial dominio público polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras, informe de carácter facultativo e non vinculante asinado por Dna. Leticia Rodríguez Díaz, Secretaria-Interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica da Deputación de Lugo.*

*Propoño que o Pleno do Concello de Pol adopte as seguintes resolucións:*

**PRIMEIRA.-** *Desestimar ás alegacións efectuadas á vista así mesmo do informe do Servizo de Asistencia Xurídica, Económico e Técnica aos Concellos da Deputación de Lugo, da Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras e a Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais polas canteiras.*

**SEGUNDA.-** *Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras e a Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais polas canteiras, unha vez resoltas as reclamacións presentadas.*

**TERCEIRA.-** *Notificar o presente Acordo aos interesados que presentasen alegacións durante a información pública, con indicación dos recursos pertinentes.*

**CUARTA.-** *Publicar o devandito Acordo definitivo co texto íntegro da Ordenanza do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras e a Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais polas canteiras no Boletín Oficial da*

Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**QUINTA.-** Remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do Acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza, así como copia íntegra autenticada da mesma.

**SEXTO.** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

## **ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS**

### **I. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O sector forestal e a actividade madeireira con el asociada, constitúe un sector económico moi relevante neste Concello, tanto pola súa extensión como polo que supón para a sostenibilidade económica dos veciños/as de Pol.

A explotación forestal do monte e, concretamente, o transporte dos aproveitamentos do mesmo, nomeadamente o transporte, arrastre, depósito e carga, entre outros, derivado da corta de madeira polas vías de titularidade municipal, supón un uso do dominio público municipal dunha intensidade que, en moitos casos, impide o uso normal xeral por parte do resto dos usuarios/as das mesmas polo deterioro que producen no firme das mesmas os usos antes nomeados.

Por outro lado, os danos producidos polos usos antes referidos, obriga ao concello de Pol a realizar gastos de contía extraordinaria para o mantemento do viario municipal que soporta estes tráxicos en condicións que permitan o uso normal e xeral dos camiños e vías municipais ao ten dereito a veciñanza e a xeneralidade dos usuarios/as calquera que sexa o seu lugar de residencia; é dicir, o concello vese obrigado a facer estes esforzos orzamentarios para facer fronte aos danos producidos polos tráxicos referidos de forma que se poida compatibilizar tales usos cos usos normais e xerais aos que están, precisamente, destinados. Dito doutra maneira, de non existir un uso das vías municipais por parte das empresas madeireiras que antes referiamos, o mantemento dos mesmos para o uso común xeral por todos os cidadáns soamente precisaría de gastos ordinarios que son os que comunmente se fan nas vías non usadas polo transporte, arrastre, depósito e carga, derivado da corta de madeira.

Tal uso, polas súas especiais características derivadas dos medios empregados, así como da súa intensidade á que se someten as vías de depósito e saca da madeira cortada, configuran un USO COMÚN ESPECIAL das vías municipais, de conformidade con canto se establece polo artigo 75.1.b) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño. Uso especial que a presente Ordenanza regula.

Uso especial que, como xa se dixo, incide de forma extraordinaria nos custes de mantemento das vías municipais afectadas polo mesmo, para que poidan servir ao uso normal e común que constitúe a finalidade última das mesmas.

A explotación das canteiras existentes, se ben con menor importancia económica que o sector forestal, ten unha incidencia nas vías municipais análoga á da explotación forestal, aunque moito máis reducida cuantitativamente, polo escaso número de explotacións; agora ben, dada a intensidade que este uso supón e a incidencia no deterioro das vías empregadas polo transporte dos produtos extraídos, en especial nas inmediacións das mesmas, este uso cualifícase de USO COMÚN ESPECIAL.

Sen do certo que o municipio carece de competencias regulatorias da explotación forestal dos montes e da corta de madeira da mesma derivada, non o é menos que o municipio ostenta plena capacidade e competencia para regular o uso das vías públicas municipais, así como para a defensa e policía das mesmas.

A presente Ordenanza non incide, nin directa nin indirectamente, na regulación das cortas nin na actividade forestal no municipio, actividade sobre á que o municipio non ten competencia, limitándose, como non podía ser doutra maneira, a protexer as vías públicas municipais fronte ás consecuencias que o depósito, arrastre e transporte de madeira, cualificando tales usos como usos especiais e regulándoos de forma que se compatibilice tal uso especial que das mesmas se fai polas empresas madeireiras co uso común xeral da veciñanza e demais cidadáns. Compatibilidade de usos que para materializarse de forma efectiva exige inxentes gastos a cargo do concello, ou o que é o mesmo, a cargo dos nosos veciños e veciñas que, finalmente son os que os sufragan a medio de impostos e taxas que soportan..

A presente regulación pretende que os danos causados ao viario municipal sexan soportados polos causantes dos dos mesmos, cando menos parcialmente.

Como di a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, recurso 406/2009. Fundamento de dereito cuarto "...toda conservación implica intrinsecamente la regulación del uso de aquello que se pretende conservar, mediante actos de tutela y defensa...las autorizadas competentes para la conservación, lo son asimismo, para la vigilancia y regulación de los usos comunes y los aprovechamientos especiales, por lo que hemos de concluir la competencia del Municipio para regular los usos de los caminos rurales".

*Sigue dicindo a Setenza no seu Fundamento xurídico cuarto “...con carácter general en principio, no son iguais, nin sirven por ellostérminos de comparación a los efectos de aplicar aquél único precepto que denuncia como infringido, los usos de los caminos rurales, y deterioro consiguiente, realizados por vehículos agrícolas y por aquellos otros( no suposto enxuciado vehículos de uso mineiro).No lo son, incluso, aun en supuestos de similar tonelaje, ya que no cabe descartar, solo por ello, que incidan circunstancias desiguales, referidas, por ejemplo, a las frecuencias de los transitos y a los efectos ligados a la naturaleza del material objeto de transporte”*

*As aseveracións que preceden poden e deben facerse igualmente en relación ás explotacións das canteiras.*

*En orde á competencia municipal para a aprobación desta Ordenanza, aquela emana da potestade regulamentaria do municipio recoñecida polo artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Nesta orde de cousas, recordar que o título habilitante/competencia municipal vén recollido no artigo 25.1.d), 49,80 e 82 da Lei 1985, antes referenciada. No mesmo sentido compre invocar os artigos 74 e seguintes do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; nos artigos 3,4,44,76 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e así mesmo, nos artigos 41 e 92 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Réxime Xurídico do Patrimonio das Administracións Públicas.*

*Entre ás normas establecidas por esta Ordenanza, destacaremos:*

*- A exigencia de licenza municipal para para o uso especial regulado; licenza que vén exixida polo artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, no que se establece:*

*“1. El uso común especial normal de los bienes de dominio público se sujetará a licencia, ajustada a la naturaleza del dominio, a los actos de su afectación y apertura al uso público y a los preceptos de carácter general”.*

*- A existenciadun seguro de Responsabilidade Civil que cubra preventivamente o risco de deterioros especialmente importantes polos gastos que supón a restauración da vía afectada á situación en que se atopaba antes dos depósitos, arrastres e transportes autorizados.*

#### **TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO**

##### **Artigo 1.- Obxecto e fundamento.**

*1.1.- De conformidade co disposto nos artigos 4.a) da Lei 7/1 985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 75 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño; o Concello de Pol. establece a presente ordenanza reguladora do uso común especial dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio. Uso especial que tamén se declara das mesmas operacións derivadas da explotación das canteiras existentes no término municipal.*

*O obxecto da Ordenanza vén constituído pola cualificación e regulación dos usos comúns especiais establecidos no parágrafo anterior, coa finalidade de garantir a necesaria e obrigada conservación do viario municipal dos deterioros producidos con ocasión dos usos especiais que se regulan.*

*Enténdese por uso común especial do viario municipal o depósito, arrastre e transporte de madeira, derivados de sacas de madeira provintes da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras. Cualificación que trae causa da especial intensidade que as referidas operacións levan consigo, intensidade que se manifesta no grado de deterioro que sofre o viario municipal; deterioro que non se manifesta nos transportes que de forma permanente se realizan polo resto das actividades propias do medio rural.*

*1.2.- Quedan excluídas da presente ordenanza as pistas forestais definidas no artigo 8.25 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*

##### **Artigo 2.-Actividades excluídas.**

*Para os efectos desta ordenanza, non teñen a consideración de transportes, e acopios de madeira provinte da explotación forestal:*

*Podas en plantacións forestais.*

*Rozas e limpeza de fincas.*

*Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos.*

*Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais.*

*Cortas para uso doméstico.*

Artigo.3.- Definicións.- Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considérase:

- *Actividade forestal: aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento venturoso, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.*
- *Actividade mineira: aquela que ten por obxecto a explotación dos recursos mineiros,calquera que sexa a sección das reguladas pola lexislación mineira.*
- *Saca de madeira: deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do concello, que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).*
- *Empresa madeireira: persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.*
- *Empresa mineira: persoa física ou xurídica que realice os labores propias da explotacións de canteiras de áridos, pizarra ,etc.*

Artigo 4.- Ámbito de aplicación.-O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Pol sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

#### TÍTULO I: AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 5.- Requisitos para as operacións de saca de madeira e das canteiras.- Para realizar traballos de saca e depósito de madeira en plantacións forestais no Concello, será obrigatorio obter a preceptiva licenza municipal para uso especial da vía ou vías municipais a empregar para o depósito e transporte de madeira, áridos ou pizarras.

A solicitude de licenza, asinada polo representante da empresa madeireira ou da canteira, deberá presentarse no rexistro do Concello de Pol, en papel ou telemáticamente,ou en calquera outro dos Rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015,do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Elo farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foran da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas,de preservación do patrimonio arqueolóxico ou de minas.

Na solicitude de licenza ou en documentación anexa deben constar:

- *Datos identificativos empresa madeireira/mineira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa)*
- *Especie de madeira obxecto da corta*
- *Volume de madeira que se prevé extraer*
- *Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia, así como identificación catastral da finca ou monte afectado, indicando polígono e parcela/s*
- *Datas previstas de inicio e remate dos traballos*
- *Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga e vías a empregar.*
- *Identificación de la vía municipal a utilizar: Nombre y plano con la traza del mismo*
- *Copia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma.*
- *No suposto de canteiras, copia compulsada das labores anuais autorizadas na canteira de que se trate.*
- *Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións.*
- *Declaración responsable segundo anexo II.*

O Concello de Pol terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de solicitude tal e como se recolle no Anexo I.

O Concello de Pol, requirirá á empresa madeireira/mineira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación da correspondente solicitude de licenza, cando comprobe que a empresa madeireira/mineira non cumpriu coa súa obriga de presentala nas oficinas municipais, sen prexuízo da corresponde sanción derivada do incumprimento desta obriga.

Artigo 6.- Responsables.-A empresa madeireira/mineira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, ou transporte de áridos e pizarra, debendo reparar o dano causado. O Concello velará especialmente para que as devanditas operacións de saca de madeira, e no seu caso, da explotación de canteiras, non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de conservación, limpeza e seguridade.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira/mineira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira/ áridos ou pizarra por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

Artigo 7.- Obrigas.- A empresa madeireira/mineira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

A empresa madeireira/mineira queda obrigada á limpeza e á retirada dos residuos da corta de madeira como dos áridos, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo. A mesma obriga atinxe ás canteiras no relativo a vertido de áridos e restos da explotación mineira.

Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa aos camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias. As mesmas prohibicións en relación co viario municipal e os seus elementos funcionais, atinxen ao vertidos e restos de áridos.

Prohíbese que os refugallos que non sexan estrictamente vexetais queden ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados, Os residuos asimilables aos urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal axeitado.Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de xeito que minimicen o risco de incendio, dando prioridade aos tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ao ciclo produtivo agroforestal ou ao aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

A empresa madeireira/mineira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira ou áridos, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais. No suposto de áridos e/ou pizarra enténdese como depósito irregular aquel que exceda de vinte días naturais.

A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repoñer ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunden e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

As limpeza e reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 1 mes a partir da retirada da madeira.

De acordo co disposto na normativa urbanística vixente, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados movementos de terra.

Artigo 8.- Requerimentos. Unha vez que se advertiu o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para elo un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non poderá exceder de un mes. Unha vez que transcorra este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custes derivados á persoa responsable.

## TÍTULO II. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

### Art. 9.- Infraccións.-

Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido na mesma. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, sen prexuízo da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

*A infraccións da presente ordenanza, cualifícanse en moi graves, graves e leves.*

*Constitúen infraccións moi graves:*

- *Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de solicitude de licenza para realización dos transportes e/ou depósito de madeira/ ou de produtos mineiros unha vez fose requirido polo Concello.*
- *Deixar as vías municipais nun estado de suciedade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.*
- *Causar danos nas vías municipais por valor superiores a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.*
- *Cometer nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa.*

*Constitúen infraccións graves:*

- *Non presentar o escrito de solicitude de licenza, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello.*
- *Deixar as vías municipais en deficiente estado de suciedade, segundo o informe municipal emitido para o caso.*
- *Causar danos nas vías municipais por valor inferior a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.*
- *Non demoler ou non repoñer ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para acceso aos terreos forestais*
- *Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa.*

*Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e a súa sanción corresponda ao Concello.*

#### Art. 10.- Sancións.-

*As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:*

- *Infraccións leves: multa de ata 300,00€*
- *Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01€ e 1.500,00€.*
- *Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01€ e 3.000,00€*

*A tramitación do procedemento sancionador non previsto nesta ordenanza, rexeráse pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada. O órgano competente para a resolución do expediente sancionador será a Alcaldía.*

*O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.*

*As multas e sancións impostas ao abeiro do disposto na presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50%, no caso de que se abonaran no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.*

*O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen perxuro da esixencia, se fora o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.*

*As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.*

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

*A presente ordenanza será de aplicación aos usos especiais comezados a partir da súa entrada en vigor.*

*No suposto de actividades mineiras será de aplicación ao primeiro plan de labores anuais aprobado con posterioridade á entrada en vigor*

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

*Primeira.- A Alcaldía queda facultada para e ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.*

*Segunda.- A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra e definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.*

**O Alcalde, Don. Lino Rodríguez Ónega**

ANEXO I*SOLICITUDE DE LICENZA PARA OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA/MINEIRA*

<i>Datos da empresa madeireira/mineira</i>		
<i>Denominación</i>		
<i>N.I.F.</i>		
<i>Enderezo</i>		
<i>Teléfono</i>		
<i>Nome da persoa encargada</i>		
<i>Datos da propiedade forestal/ concesionario da canteira</i>		
<i>Especie de madeira obxecto da corta</i>		
<i>Volume total da madeira a extraer (m<sup>3</sup>)</i>		
<i>Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia</i>		
<i>Identificacións catastrais</i>	<i>Polígono</i>	<i>Parcela</i>
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
<i>Datos do aproveitamento forestal/áridos</i>		
<i>Datas previstas de inicio e remate</i>		
<i>Lugar onde se depositará a madeira</i>		
<i>Viario municipal a empregar para o transporte da madeira cortada</i>		

*En aplicación da Ordenanza Reguladora do uso común especial do viario municipal con motivo do depósito e/ou transporte de madeira*

*SOLICITA:*

*Licenza para o uso especial comezo de actividades forestais/mineiras nas parcelas indicadas previamente.*

*Documentación que achega:*

- *Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta.*
- *Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar.*
- *Fotocopia compulsada do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil.*
- *Declaración responsable do bo estado das vías, ou no seu caso fotografías.*

*.....a ... de .... 202...*

Anexo II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO BO ESTADO DAS VÍAS MUNICIPAIS E DE REPOSICIÓN DE DANOS EN BENS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL

CONCELLO DE POL

D.

....., con DNI núm..... e domicilio a efectos de notificación en ..... , en representación da empresa ..... con CIF .....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- 1. Que a actividade que vai ser desenvolvida non ten impacto no patrimonio histórico-artístico.
2. Que as actuacións a desenvolver contanco permiso, autorización, comunicación ou notificación de que se trate (Consellería competente na materia). Achego copia.
3. Que se compromete á reposición dos danos nos bens de titularidade municipal e compromiso de retirada da biomasa sobrante que accidentalmente quede depositada nas vías a utilizar.
4. Que se compromete a manter o cumprimento da normativa mencionada durante o desenvolvemento da actividade así como a adaptarse ás modificacións legais que durante o seu desenvolvemento poideran producirse.
5. Que declaro entender ou chegar o seguinte (marcar o que proceda:
[ ] Que as vías municipais a utilizar atópanse en bo estado.
[ ] Que achego reportaxe fotográfica do estado anterior das vías a utilizar someténdome a súa comprobación polos servizos municipais, e, trala súa utilización achegará, así mesmo, un reportaxe fotográfica do estado de discrepancias da anterior.
6. Que se cumpre coa normativa sectorial dos medios materiais, de seguridade e saúde no traballo e de recursos humanos a empregar no desenvolvemento da actividade.

En Pol, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo:.....



## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS**

### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO**

*Esta Entidade Local, o Concello de Pol, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 9, 11 e 15 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; establece a taxa por aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras, que se rexerá por medio de ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004.*

*O obxecto será establecer o réxime xurídico de todas aquelas accións encamiñadas a previr, minimizar, corrixir ou, no seu caso, impedir os efectos que a utilización dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio.*

### **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

*Constitúe o feito impoñible da taxa o aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras.*

### **ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS**

*Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, solicitantes das correspondentes e preceptivas autorizacións para a concesión do aproveitamento especial do do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras.*

### **ARTIGO 4. RESPONSABLES**

*A empresa madeireira/mineira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, ou transporte de áridos e pizarra, debendo reparar o dano causado.*

*A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira/mineira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira/ áridos ou pizarra por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.*

*2. Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.*

### **ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA**

*A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:*

*1. 0,60 euros por tonelada de madeira en cada solicitude de licenza.*

*2. Para as canteiras(cuota anual) :*

*-3,6 euros metro lineal de aglomerado*

*-2,10 euros metro lineal de asfaltado*

*-1,20 euros metro lineal de zahorra*

*O Concello, a través do Servizo oportuno, ten a facultade de inspeccionar e comprobar todo o relacionado co aproveitamento especial dos camiños de titularidade municipal dos que se fai cargo nesta Ordenanza.*

### **ARTIGO 6. EXENCIÓNS**

*Quedan exentos do pago desta taxa:*

- Os vehículos de Institucións e Entes Públicos no exercicio da súa función, tales como policía, bombeiros, gardas, etc...*
- En circunstancias especiais, poderanse considerar outras situacións distintas ás citadas no parágrafo anterior, como poden ser: obras públicas, actividades de interese público ou xeral, promovidas polas Administracións Públicas ou polos seus entes instrumentais, casos de emerxencia, accidentes ou catástrofes, etc...*

- Vehículos ou máquinas utilizadas para as seguintes actividades:
- Podas en plantacións forestais
  - Rozas e limpeza de fincas
  - Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos
  - Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais
  - Cortas para usos domésticos.
  - Actividades agrícolas e gandeiras

#### **ARTIGO 7. DEVENÑO**

A taxa devengarase segundo a natureza do seu feito impositivo, cando se conceda a licenza por parte da administración local.

#### **ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN**

Os suxeitos pasivos que se beneficien polo aproveitamento especial regulado nesta taxa virán obrigados a abonar as cotas correspondentes conforme o seguinte procedemento:

8.1.- Os transportistas e contratistas que precisen a utilización de camiños de titularidade municipal deberán solicitar a oportuna licenza municipal e acompañar a documentación sinalada no artigo 5 da ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras.

8.2.- Senprexuízo do cumprimento do establecido na lexislación urbanística, de Medio Ambiente Forestal, do Código de circulación, e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que poidan ser de aplicación, o posuidor dunha licenza para a actividade descrita, virá obrigado á reparación inmediata dos deterioros producidos nos viais, ou nas interestruturas anexas, así como a retirada total dos restos procedentes das operacións de carga e almacenamento.

8.3.- Unha vez recibida a solicitude e con carácter previo á utilización dos camiños, os servizos técnicos municipais procederán a realizar un informe sobre o estado das vías a utilizar, soamente no caso de que o solicitante declare que as pistas municipais están en mal estado.

8.4.- A utilización de camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga, non impedirá a utilización adecuada e sen dificultades destes polos restantes usuarios do mesmo, estando obrigados os responsables das operacións de saca de madeira a reparar os danos causados por estas operacións para o seu adecuado uso polos restantes usuarios.

8.5.- Terminada a utilización de camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga, o concesionario da licenza, comunicará ao Concello a finalización dos traballos. Por parte dos Servizos Técnicos municipais emitirase informe sobre os danos que, no seu caso, producíronse nos camiños afectados polas operacións de saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga. O dito informe técnico emitirase soamente no caso de que se producisen danos nos camiños públicos, e que foran apreciados por operarios municipais aos que se lles encomende tal función.

Á vista do informe técnico, poñeranse en coñecemento do titular da licenza as reparacións que, no seu caso, deberán efectuarse no prazo máximo de 1 mes. Transcorrido o citado prazo sen que efectuasen as reparacións requiridas, o Concello procederá á súa execución subsidiaria á conta do obrigado, repercutindo contra este o importe da reparación dos danos causados.

8.6.- O aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga dentro do Concello de Pol, sen a preceptiva licenza municipal será obxecto dun expediente sancionador.

8.7.- A validez da licenza quedará condicionada ao pago da taxa.

#### **ARTIGO 9. INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concretamente, polo establecido na Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras.

Á súa vez, poderán esixirse por procedemento administrativo de prema as débedas por este servizo, de conformidade co artigo 46.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e a normativa de recadación que sexa de aplicación.

### 3. ARTIGO 10. LEXISLACIÓN APLICABLE

*En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións complementarias actualmente en vigor ou que se diten en adiante.*

#### DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

*A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e será de aplicación a partir do día seguinte a súa publicación en dito Boletín, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa."*

Contra este acordo, elevado a definitivo, e a súa respectiva ordenanza, os interesados poderán interpoñer recurso Contencioso Administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao do a publicación deste acordo e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Pol, 26 de xuño de 2024.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1963

## RIBEIRA DE PIQUÍN

### Anuncio

O Pleno do Concello de Ribeira de Piquín, en sesión ordinaria do 25 de xuño de 2024, aprobou definitivamente a desafectación do ben moble "Tractor marca New Holland, Modelo T5.115 e n.º de bastidor HLRT5115TJLE03859", cambiando a súa cualificación xurídica de ben de dominio público a ben patrimonial.

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Ribeira de Piquín, 28 de xuño de 2024.- O Alcalde-Presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 1974

## O SAVIÑO

### Anuncio

#### NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución de Alcaldía num. 2024/0194, de data 26 de xuño de 2024, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondentes ao mes de maio de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias de Servizos Sociais do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, art. 22 da ordenanza reguladora municipal do SAF e art. 5 da ordenanza do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.